



## Dirección Xeral de Formación Profesional

### Admisión Formación Profesional 2023-2024

#### - Probas libres LOE/LOXSE

# Instrucións para consultar o historial persoal de admisión e o código persoal de consulta (CPC)

## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Procedemento de consulta do historial de admisión e do CPC.....	3
	2.1 Identificación con usuario e contrasinal.....	3
	2.2 Identificación con código de solicitude.....	6
3	Autenticación no sistema de usuarios da consellería.....	8
	3.1 Identificación con usuario e contrasinal.....	8

## 1 Introducción

As persoas identificadas como usuarias no sistema de admisión de formación profesional que fixeran solicitudes para calquera réxime, modalidade e grao de ciclos formativos ou de cursos de especialización de formación profesional poden acceder á aplicación Ciclosadmisión para:

- Obter o seu código persoal de consulta (CPC).
- Consultar o seu historial persoal de admisión.

En todas as listaxes que se publiquen no proceso de admisión de formación profesional para o curso 2023-2024, o número do documento oficial de identidade e o nome e apelidos serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC). Deste xeito, as listaxes darán toda a información necesaria para o seguimento público do proceso de admisión, pero garantindo a confidencialidade.

O CPC é un código alfanumérico único para cada persoa que participa no proceso de admisión de FP. Para consultar a situación persoal nas listaxes poderase obter o CPC da aplicación informática Ciclosadmisión. Nesta aplicación tamén se poderá consultar toda a información do historial persoal do proceso de admisión (datos persoais, solicitudes e adxudicación de prazos), así como realizar accións como a reserva de matrícula ou a renuncia a prazos adxudicados nos prazos establecidos.

## 2 Procedemento de consulta do historial de admisión e do CPC

Para consultar o historial persoal de admisión e para obter o CPC deberase ir ao enderezo: [www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission)

Hai dous xeitos de acceder á aplicación para realizar esta consulta.

### 2.1 Identificación con usuario e contrasinal

Consulte o apartado 3.1 deste documento para ter máis información sobre a obtención do usuario e contrasinal no caso de que non dispoña del. Tamén poderá empregar un certificado dixital ou Chave365.

- Primeiro deberá identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal, para o que deberá ir á esquina superior dereita e premer sobre a icona verde de entrada na aplicación:



**Inicio**

**Benvidos a Ciclosadmisión**

Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para xestionar:

- **Admisión aos ciclos formativos** de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.
  - Video de axuda do asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos. [Prema aquí](#). Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.
  - Este ano o período de admisión extraordinario está aberto para solicitar ciclos medios e ciclos superiores ([consulte o calendario](#)).
- **Bolsas retorna** (non activo para o curso 2020-2021):
  - Para acceder ás bolsas retorna debe premer no menú no apartado 17, "Bolsas retorna" e seleccionar a opción desexada.
  - Pode facer unha nova solicitude, apartado 17.1
  - Completar un borrador, apartado 17.2 (un borrador é unha solicitude non entregada).
  - Consultar as solicitudes realizadas 17.3.
  - Achegar documentación 17.4.
  - Reenviar código de solicitude 17.5.

**Para acceder á aplicación con usuario e contrasinal debe premerse na icona da esquina superior dereita:**

Cando se lle solicite o DNI ou DOI (Documento oficial de identidade) deberá poñer sempre as letras en maiúsculas.

Na admisión a ciclos formativos durante o período de tempo comprendido entre a finalización dunha adxudicación e a seguinte as persoas inscritas aparecen no historial para o ano en curso como "información non dispoñible temporalmente".

Admisión FP: [Consulta de solicitudes realizadas](#)

Admisión FP: [Consulta de solicitudes validadas](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude \(con certificado dixital ou conta "edu.xunta.es"\)](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude de admisión a ciclos formativos sen certificado dixital nin usuario](#)

Admisión FP: [Impresión dunha solicitude feita anteriormente](#)

- Aparecerá unha pantalla de identificación na que poderá empregar o usuario e contrasinal de educación (@edu.xunta.gal), (@xunta.gal), Chave365 ou un certificado dixital.

## CICLOSADMISION

### Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)

Contrasinal

Entrar

### Ou entre con certificado dixital

Entrar


Contacto Axuda

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo prestado pola Consellería de Educación, Universidade e  
Formación Profesional  
Xunta de Galicia



- Despois de identificarse no sistema, prema en "2. Solicitantes" no menú da aplicación, verá unha pantalla similar a esta:



- A continuación seleccione no despregable do menú "2.10 Historial solicitudes". Poderá consultar todos os elementos relacionados coas súas solicitudes de admisión a ciclos formativos de calquera réxime, modalidade e grao. Nesa pantalla ten dispoñible o **código persoal de consulta que o identificará en todas as listaxes públicas do proceso de admisión.**

**Datos do alumno**

DNI/NIE/...

Nome

Código persoal de consulta

**Sexo**

Home  Muller

<a href="#">Adm. Ord. C.M.</a>	<a href="#">Adm. Ord. C.S.</a>	<a href="#">Adm. Distancia C.M.</a>	<a href="#">Adm. Distancia C.S.</a>	<a href="#">Adm. Adultos C.M.</a>
<a href="#">Adm. Adultos C.S.</a>	<a href="#">Adm. Dual C.M.</a>	<a href="#">Adm. Dual C.S.</a>		

**Solicitudes**

Ano	Centro onde se entregou a solicitude	Acceso	Data Solicitude	Convocatoria	Estado solicitude	Data baixa
Non se atoparon elementos.						



O servizo de consulta do estado das solicitudes poderá estar total ou parcialmente deshabilitado en función das fases do proceso de admisión ou das accións de mantemento da aplicación informática, sinaladamente durante os períodos previos á publicación das adxudicacións.

**Lembre:** deberá comprobar que os datos persoais que se indican nesta pantalla coincidan cos seus. En caso contrario, deberá presentar reclamación.

## 2.2 Identificación con código de solicitude

Outro xeito de acceder a Ciclosadmisión, tanto ao seu historial persoal de admisión como para poder obter o CPC, é empregar o código de solicitude e o número do seu documento oficial de identidade.

No momento en que se completa unha solicitude de admisión a ciclos formativos ou cursos de especialización de FP, o asistente informático xera un documento PDF de resguardo. Neste resguardo aparece o **código de solicitude** tal e como se mostra na imaxe:

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		<b>ANEXO I</b>	 <span style="border: 1px solid red; border-radius: 50%; padding: 2px;">00035248D4</span>
<b>CONVOCATORIA:</b> Ordinaria	<b>GRAO:</b> Superior	<b>RÉXIME:</b> Ordinario	<b>MODALIDADE:</b>
<b>PROCEDEMENTO</b> <b>ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS</b>		<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b> <b>ED519A</b>	<b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE</b>
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

Para a consulta dos datos e do estado da solicitude na aplicación ou para obter o CPC, poderase acceder directamente empregando o DNI/NIE/pasaporte e o código da solicitude.


- Primeiro hai que seleccionar na pantalla de inicio de Ciclosadmisión a ligazón "Admisión FP: Consulta de solicitudes validadas" ou "Admisión FP: Ver código persoal de consulta"

Inicio

**Benvindos a Ciclosadmisión**

Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para xestionar:

- Admisión aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.**
  - Video de axuda do asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos. [Prema aquí](#). Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.
  - O período de admisión extraordinario só se abre para solicitar ciclos medios ([consulte o calendario](#)).
- Bolsas retorna** (non activo para o curso 2020-2021):
  - Para acceder ás bolsas retorna debe premer no menú no apartado 17, "Bolsas retorna" e seleccionar a opción desexada.
  - Podé facer unha nova solicitude, apartado 17.1.
  - Completar un borrador, apartado 17.2 (un borrador é unha solicitude non entregada).
  - Consultar as solicitudes realizadas 17.3.
  - Achegar documentación 17.4.
  - Reenviar código de solicitude 17.5.

Para acceder á aplicación con usuario e contrasinal debe premerse na icona da esquina superior dereita: 

Cando se lle solicite o DNI ou DOI (Documento oficial de identidade) deberá poñer sempre as letras en maiúsculas.

Na admisión a ciclos formativos durante o período de tempo comprendido entre a finalización dunha adxudicación e a seguinte as persoas inscritas aparecen no historial para o ano en curso como "información non dispoñible temporalmente".

Admisión FP: [Ver código persoal de consulta](#)


Admisión FP: [Consulta de solicitudes realizadas](#)

Admisión FP: [Consulta de solicitudes validadas](#)




- Na pantalla que aparece haberá que escribir o número do documento oficial de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de admisión e o código de solicitude.

- Tamén pode ir a: [www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión/publico/BusquedaConsultaCodigo.do](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión/publico/BusquedaConsultaCodigo.do)



- Aparecerá unha nova pantalla na que poderá consultar todos os elementos relacionados coas súas solicitudes de admisión a ciclos formativos (de calquera réxime, modalidade e grao) ou a cursos de especialización. Nesa pantalla ten dispoñible o **código persoal de consulta que o identificará en todas as listaxes públicas do proceso de admisión.**



O servizo de consulta do estado das solicitudes poderá estar total ou parcialmente deshabilitado en función das fases do proceso de admisión ou das accións de mantemento da aplicación informática, sinaladamente durante os períodos previos á publicación das adxudicacións.

**Lembre:** deberá comprobar que os datos persoais que se indican nesta pantalla coincidan cos seus. En caso contrario deberá presentar reclamación.

## 3 Autenticación no sistema de usuarios da consellería

---

### 3.1 Identificación con usuario e contrasinal

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeran como dato un correo electrónico válido lles chegue un correo cun texto similar ao seguinte:

*ALTA NOVO USUARIO:*

*Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.*

*Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:*

*<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>*

*Debe realizar a activación cos seguintes datos:*

*Código de activación: XXXXXX*

*Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.*

A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación Ciclosadmisión e permitir diversas xestións como, por exemplo, informarse sobre o seu expediente no proceso, obter o CPC e, cando corresponda e sexa o prazo, reservar ou renunciar á matrícula nas prazas adxudicadas.

Todas as operacións sobre a conta de usuario e o contrasinal (como solicitar un novo PIN/código de activación, lembrar o nome da conta, lembrar ou modificar un contrasinal) poden xestionarse en: <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>

Para calquera dúbida sobre a autenticación e a conta de usuario contacte coa UAC no teléfono 881 997 701 ou enviando un correo a [uac@edu.xunta.gal](mailto:uac@edu.xunta.gal)

Se ten un usuario e contrasinal de NERTA tamén o pode empregar para acceder á aplicación Ciclosadmisión.